

CONCELLO DE GUNTÍN

SEPARATA N. 05



ÍNDICE

1.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	1
2.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	1
2.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	1
2.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	2
3.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL	2
4.	DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO	3
5.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	3
6.	ANEXO FOTOGRÁFICO	4
7.	ANEXO PLANOS	7

1. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

Pola aldea de Vila Real accedíase á primeira parroquia do municipio de Guntín, San Romao da Retorta, que se atopa no camiño real de Lugo a Melide, Camiño de Ovedo. Nesta parroquia, cerca do Castro¹, xunto ao camiño real, atopábase unha columna miliaria cilíndrica, agora no Museo Diocesano de Astorga, con texto latino referido ao emperador Calígula que dicía: C. CAESAR. DIVI AVG. PRONEPOS. AVGVSTVS. POT. III CO. S. III. P. P., (Caio César Augusto, bisneto de Augusto, Pontífice Máximo, terceiro no poder tribunicio, cónsul por terceira vez, Pai da Patria)².

San Romao e Santa Cruz de Retorta aparecen referenciadas nun documento do ano 1108, *in territorio Mera, subtus monte Spineo, ad ecclesiam S. Crucis et S. Romani...*³. Animismo, atopamos mencións na documentación da Catedral de Lugo dos últimos séculos medievais. O vicario lucense xunto co Cabido, aforan a Fernando Ares de Prado, fidalgo, fillo de Pedro Ares de Prado e de Teresa das Seyxas, membros da baixa nobreza lucense, os lugares de Perros e Osorio, nove terzas de pan e sesenta soldos na igrexa de San Romao da Retorta, así como o dereito de presentación da metade da igrexa; o fidalgo, comprometése a defender aos caseiros que traballan estas herdades, e gardar fidelidade á igrexa de Lugo⁴. En 1478, o bispo de Lugo afora a un matrimonio de Vilafines, as herdades de Guimian de Abaixo e de Arriba con todas as súas herdades *bravas et mansas, et arbores et formaes et entradas et salidas, a monte et a fonte... sub signo de Sant Romao da Retorta*, coa condición de que teñan ditas herdades en bo estado e fagan dúas casas, *la una losada et la otra paloça* (paloza)⁵. Tamén, noméanse entre as testemuñas de varias cartas de venda, a veciños de Retorta⁶.

En Vilamaior de Negral existía un hospital documentado en 1223 nun diploma de Ferreira de Pallarés. Trátase da doazón dunha casa *que vocatur hospitale de villa nova que vocatur Nigral*⁷, que debeu de fundarse ao mesmo tempo que o Burgo de Negral⁸.

2. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

2.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

O Camiño Trazado do Camiño: Vilareal, San Romao da Retorta (límite co concello de Lugo) – Monte do Arneiro (límite con concello de Friol)

O Camiño de Ovedo no seu percorrido polo concello de Guntín de Pallares atravesa as parroquias de San Romao da Retorta e Santa Cruz da Retorta

Tramo Vilareal – Monte do Arneiro

Tras deixar o termo municipal de Lugo, o Camiño entra en Guntín pola estrada LU-2901, pasa ao sur do núcleo de Vilareal, e continúa ata San Romao da Retorta.

Ao chegar a San Romao, a vía de peregrinación bordea a igrexa polo norte, e continúa polo sur das casas ata a saída do núcleo, cruza a estrada LU-1611 e continúa por unha pista asfaltada que conduce ao Castrelo.

Neste tramo os elementos que compoñen a paisaxe son os agros e os prados que alternan coas plantacións de piñeiros (*pinus radiata*), que ocupan antigas terras de cultivo. É de destacar a carballeira situada na entrada do núcleo do Castrelo.

Tras o núcleo do Castrelo, a ruta segue polo lugar do Castro e continúa por unha paisaxe na que os terreos de cultivo van mudando en leiras abandonadas, e por terreos dedicados a plantación de piñeiros e eucaliptos.

O Camiño ascende ao monte por unha pista de terra atravesando densos eucaliptais e zonas de toxeira no cume do monte que marca o linde co concello de Friol.

¹ Castrum de Retorta, referencia en 1123, "Nomenclator", p.173.

² A información é de Nicanor Ares, ob. cit. pp. 24-25.

³ "Nomenclator", ob. cit., p. 173.

⁴ Cat. Lugo, nº 1199.

⁵ Cat. Lugo, nº 1261.

⁶ Cat. Lugo, nº 1068, nº 1019

⁷ AHN, F. Pallares, 1033/12.

⁸ Burgo de Negral, mencionado no doc. nº 284 da Cat. de Lugo.

2.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado do Camiño e dos trazados con vestixios históricos ao trazado posto a exposición pública pola Xunta de Galicia no ano 1997

Trazado do Camiño — Trazado con vestixios históricos —
Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 —

O trazado do Camiño entre San Romao da Retorta e Ponte Ferreira (Palas de Rei), correspóndese coa traza tradicional do camiño real, Camiño de Ovedo, que pasa por Burgo de Negral e Pacio, os dous no Concello de Friol. Foi delimitado segundo as testemuñas dos veciños de San Romao da Retorta, que o consideran o trazado orixinal. Ao mesmo tempo esta traza posúe as características habituais dos camiños medievais e tradicionais de longo percorrido. Para a súa delimitación tívose en conta a información cartográfica dispoñible, en especial a recollida nos planos do Catastro de Madoz, así como as fotografías aéreas, tanto históricas como actuais.

Tanto a delimitación do trazado realizada pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo no ano 1993 como a presentada a trámite de exposición pública pola Xunta de Galicia no ano 1997 non inclúen o trazado proposto, en ambas as dúas propostas o trazado vai polo sur, pasando polas parroquias de Santa Cruz da Retorta e Vilamaior de Negral.

Como se ven de sinalar, a traza por Burgo de Negral e Pacio se corresponde plenamente coa tipoloxía de camiño de longa distancia e carece das irregularidades existentes na actualidade no tramo que vai por Vilamaior de Negral, no que a traza nalgunhas zonas é o resultado da unión de camiños de curta ou media distancia e noutras está perdido polas apropiacións levadas a cabo por particulares.

3. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL

A continuación realízase unha diagnose do estado do Camiño ao seu paso polo concello de Guntín en función da súa calidade ambiental, o estado do seu pavimento, as dificultades existentes para o tránsito dos camiñantes e o estado da súa sinalización.

Tramo Vilareal – Monte do Arneiro

A calidade ambiental do tramo é boa. Entre o linde co concello de Lugo e Castrelo a paisaxe é aberta, de perfís suaves, na que dominan os prados e as fragas de caducifolias, fundamentalmente carballos e bidueiros. A partir do Castrelo a paisaxe vólvese máis pechada, atravesando zonas de carballeira e bidueiral no primeiro treito, para, mais adiante ao subir, atravesar plantacións de eucaliptos e piñeiros. A zona máis alta no límite co concello de Friol vólvese a abrir as vistas nunha zona cuberta pola toxeira.


O pavimento é de asfalto ata Castrelo, a partir deste punto é primeiro de grava e despois de terra compactada. Entre San Romao da Retorta e Castrelo o asfalto presenta certo deterioro pola acción da auga.

O tramo non presenta dificultades para os peregrinos. O escaso tráfico da estrada CP-2901, pola que a ruta de peregrinación transcorre ata San Romao da Retorta, supón que o risco para os camiñantes sexa baixo.

O tramo non está sinalizado.

Plano de calidade ambiental do Camiño

No seguinte plano representase mediante un código de cores a avaliación da calidade ambiental de cada un dos tramos do Camiño. Os factores que se tiveron en conta para a realización de dita avaliación foron: a calidade da paisaxe inmediata ao camiño; a percepción que dende el se ten da paisaxe afastada e o seu nivel de calidade; o arborado e a vexetación vinculada ao camiño; a calidade das edificacións do seu contorno; o grao de conservación da configuración tradicional da traza e, por último, a existencia de elementos ou circunstancias que poidan supoñer un impacto sobre o camiño ou a súa contorna.



Valoración da calidade ambiental do Camiño Primitivo ou de Ovedo no Concello de Guntín

— Moi Boa — Mala
— Boa — Moi mala
— Media

4. DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO

Os criterios para a delimitación do ámbito do territorio histórico do Camiño de Ovedo baséanse na necesidade de protexer os elementos vinculados con el no seu entorno máis próximo. Os valos e ribazos que definen os seus límites; a vexetación máis próxima: aliñacións de árbores, bosques autóctonos; os sistemas de cultivos: agras, prados, cos elementos a eles asociados: socalcos, valos, noiros; as construcións tradicionais: vivendas, hórreos, paleiras e construcións adxectivas en xeral, capelas, igrexas, muíños, etc.; os espazos públicos vinculados ao camiño: espazos comunitarios dos núcleos, campos da festa, carballeiras, adros das igrexas e, en xeral, calquera outro elemento de valor vinculado á traza do Camiño. Por outra banda esta delimitación ten por obxecto a protección da paisaxe inmediata ao camiño e das vistas sobre a paisaxe máis afastada.

Para a realización da delimitación pártese dunha banda a cada lado do camiño duns cen metros, que se adapta en función dos elementos a protexer. En xeral esta delimitación é máis ampla no lado que ten vistas que no lado no que non has ten. A delimitación engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e as delimitacións dos núcleos de poboación polos que discorre ou que están na súa contorna inmediata.

O perímetro do ámbito de protección sempre segue as liñas reflectidas nos planos do catastro: límites das parcelas, límites de estradas ou camiños, cursos fluviais, etc. Cando as características do parcelario non fan posible este tipo de delimitación utilízanse liñas que unen elementos identificables sobre o terreo, por exemplo a liña trazada entre dúas esquinas dos peches de fincas.

No concello de Guntín o ámbito do territorio histórico inclúe zonas das parroquias polas que pasa o Camiño: San Romao da Retorta e Santa Cruz da Retorta.

A continuación descríbense os principais elementos que condicionan a delimitación do ámbito do territorio histórico nos distintos tramos.

Tramo Vilareal – Monte do Arneiro

No tramo que transcorre entre Vilareal e o cumo do Monte do Arneiro incorpóranse á delimitación do territorio histórico do Camiño as delimitacións dos seguintes núcleos: Vilareal, San Romao, O Castrelo e O Castro.

O principal elemento patrimonial comprendido dentro do territorio histórico do Camiño neste tramo é a igrexa de San Romao da Retorta. Dentro do ámbito de protección atópanse tamén todas as construcións tradicionais existentes nos núcleos polos que pasa o camiño: casas, hórreos e demais construcións adxectivas. Entre os elementos etnográficos incluídos dentro do ámbito de protección cabe destacar o Campo da Feira de San Romao, no lugar do Castrelo.

5. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

Elementos patrimoniais dentro do ámbito do territorio histórico

Denominación	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
Conxunto 1 de vivenda e auxiliares tradicionais	Vilareal	SAN ROMAO DA RETORTA	casa tradicional	603052	4757166
Casa de Fidalgo	Vilareal	SAN ROMAO DA RETORTA	casa tradicional	603126	4757113
Hórreo 1 e eira	San Romao de Retorta	SAN ROMAO DA RETORTA	hórreo	602990	4756826
Hórreo 2	San Romao de Retorta	SAN ROMAO DA RETORTA	hórreo	603027	4756858
Forno 1	San Romao de Retorta	SAN ROMAO DA RETORTA	forno	602995	4756838
Forno 2 e 3	San Romao de Retorta	SAN ROMAO DA RETORTA	forno	602990	4756866
Igrexa de San Romao	San Romao de Retorta	SAN ROMAO DA RETORTA	relixiosa	603120	4756857
Casa de García	San Romao de Retorta	SAN ROMAO DA RETORTA	casa tradicional	603081	4756869
Cruz	San Romao de Retorta	SAN ROMAO DA RETORTA	cruz	602881	4756799
Campo da Feira de San Romao	O Castrelo	SANTA CRUZ DA RETORTA	feira	602414	4756457

6. ANEXO FOTOGRÁFICO



CPCA501001.JPG



CPCA502001.JPG



CPCA502002.JPG



CPCA503001.JPG



CPCA503002.JPG



CPCA504001.JPG



CPCA505001.JPG



CPCA505002.JPG



CPCA505003.JPG



CPCA506001.JPG



CPCA507001.JPG



CPCA507002.JPG



CPCA508001.JPG



CPCA509001.JPG



CPCA510001.JPG



CPCA510002.JPG



CPCA511001.JPG



CPCA512001.JPG



CPCA512002.JPG



CPCA513001.JPG



CPCA514001.JPG



CPCA515001.JPG



CPCA516001.JPG



CPCA516002.JPG



CPCA517001.JPG



CPCA517002.JPG



CPCA518001.JPG



CPCA518002.JPG



CPCA518003.JPG

7. ANEXO PLANOS